



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Anatomía	Código	661G01001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Primeiro	Formación básica	9
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Méndez Gallart, Roberto	Correo electrónico	roberto.mendez.gallart@col.udc.es	
Profesorado	García Moreno, Antonio María	Correo electrónico	a.garcia.moreno@col.udc.es	
	Méndez Gallart, Roberto		roberto.mendez.gallart@col.udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O propósito desta materia é coñecer e comprender a estrutura, morfoloxía e función do ser humano san, como base para a comprensión ulterior das desviacións patolóxicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Describir a estrutura, morfoloxía e función dos distintos órganos e sistemas corporais, e as súas relacións en condicións de normalidade.	A1	B1	C1
		B7	C7
		B8	C9
		B19	
Utilizar a terminoloxía técnica anatómica como instrumento de comunicación.	A1	B7	C1
		B15	C9

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE DIDACTICA I: XENERALIDADES. EMBRIOLOXÍA	TEMA 1.- INTRODUCCIÓN E XENERALIDADES TEMA 2.- EMBRIOLOXÍA
UNIDADE DIDÁCTICA II: APARATO LOCOMOTOR	TEMA 1.- APARATO LOCOMOTOR TEMA 2.- ARTROLOXÍA E MIOLOXÍA TEMA 3.- OSTEOLOXÍA, ARTROLOXÍA E MIOLOXÍA DO CRANIO E DA CARA TEMA 4.- OSTEOLOXÍA E ARTROLOXÍA DO TRONCO E COLO TEMA 5.- MÚSCULOS DO COLO E DO TRONCO TEMA 6.- CINTURA ESCAPULAR TEMA 7.- CÓBADO E ANTEBRAZO TEMA 8.- PULSO E MAN TEMA 9.- CINTURA PELVIANA TEMA 10.- XEONLLO E PERNA TEMA 11.- NOCELLO E PÉ TEMA 12.- VASCULARIZACIÓN E INERVACIÓN DOS MEMBROS



<p>UNIDADE DIDÁCTICA III: NEUROANATOMÍA E ESTESIOLOXÍA</p>	<p>TEMA 1.- O SISTEMA NERVIOSO. BASES DE SISTEMATIZACIÓN ONTOXÉNICAS, ESTRUTURAS, DE NUTRICIÓN E DEFENSA</p> <p>TEMA 2.- MÉDULA ESPINAL. MORFOLOXÍA EXTERNA E CONFIGURACIÓN INTERNA</p> <p>TEMA 3.- BULBO RAQUÍDEO. MORFOLOXÍA EXTERNA E CONFIGURACIÓN INTERNA</p> <p>TEMA 4.- PROTUBERANCIA ANULAR E MESENCÉFALO. MORFOLOXÍA EXTERNA E CONFIGURACIÓN INTERNA</p> <p>TEMA 5.- CEREBELO. MORFOLOXÍA EXTERNA E CONFIGURACIÓN INTERNA</p> <p>TEMA 6.- CEREBRO. COMPOSICIÓN. MORFOLOXÍA EXTERNA E CONFIGURACIÓN INTERNA</p> <p>TEMA 7.- VÍAS DA SENSIBILIDADE, MOTILIDADE E CONEXIÓNS CEREBELOSAS</p> <p>TEMA 8.- SISTEMA NEUROVEXETATIVO</p> <p>TEMA 9.- SISTEMA NERVIOSO PERIFÉRICO</p> <p>TEMA 10.- ESTESIOLOXÍA</p> <p>TEMA 11.- SENTIDO DA VISIÓN</p>
<p>UNIDADE DIDÁCTICA IV: ESPLACNOLOXÍA</p>	<p>TEMA 1.- SISTEMA CARDIOVASCULAR</p> <p>TEMA 2.- APARATO RESPIRATORIO</p> <p>TEMA 3.- APARATO DIXESTIVO</p> <p>TEMA 4.- SISTEMA URINARIO</p> <p>TEMA 5.- SISTEMA REPRODUTOR</p> <p>TEMA 6.- SISTEMA ENDÓCRINO</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 B1 B7 B8 C1 C7 C9	15	30	45
Sesión maxistral	A1	62	40	102
Prácticas a través de TIC	A1 B19	4	0	4
Proba mixta	A1 B8 C1 C9	4	39	43
Presentación oral	A1 B1 B7 B8 B15 C7 C9	1	10	11
Prácticas de laboratorio	A1 B7	8	8	16
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Actividade na que os estudantes de forma autónoma profundizan ou relacionan coñecementos expostos polo profesor.
Sesión maxistral	Actividade na que o profesor expón de maneira oral e con medios audiovisuais contidos teóricos do programa e a orientación bibliográfica dos mesmos.
Prácticas a través de TIC	Actividade na que os estudantes visualizan modelos anatómicos do aparato locomotor (en 3D) para facilitar o recoñecemento espacial e función dos ósos, articulacións e músculos.
Proba mixta	Proba escrita con pregunta curta e tipo test para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe dos contidos teóricos.



Presentación oral	Actividade na que os estudantes expoñen verbalmente o contido/ resultados dos traballos tutelados.
Prácticas de laboratorio	Actividade na que os estudantes visualizan as estruturas torácicas e abdominais mediante a disección dun animal no quirófano experimental. Actividade na que os estudantes mediante a utilización da osteoteca do laboratorio profundizan nos coñecemento relacionado co aparato locomotor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta	A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico. A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 B1 B7 B8 C1 C7 C9	A avaliación dos traballos farase tendo en conta os seguintes apartados: . Descrición da estrutura, morfoloxía e función dos distintos órganos e sistemas corporais, e as súas relacións en condicións de normalidade. . Utilización de léxico específico. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5.	20
Proba mixta	A1 B8 C1 C9	A proba constará de preguntas curtas e tipo test, relacionadas con contidos teóricos, lecturas e traballos tutelados. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5.	80

Observacións avaliación

<p>Poderase realizar una avaliación parcial mediante una proba mixta das mesmas características cás descritas na avaliación. De realizarse, concertarase a data segundo o desenvolvemento do programa.</p> <p>2ª oportunidade, adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial a proba mixta é o 100% da cualificación.</p> <p>A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Anne M. Gilroy, Brian R. MacPherson, Lawrence M. Ross, Michael Schünke, Erik Schulte, Udo Schumacher (2013). PROMETHEUS. Texto y atlas de anatomía. 2ª ed. Panamericana - Drake RL, Mitchell AWM, Vogl W (2015). Gray. Anatomía para estudantes (3ª ed). Elsevier - Tortora, Derrickson (2018). Principios de Anatomía y Fisiología (15ª ed). Panamericana - Paulsen F (2012). SOBOTTA. Atlas de anatomia humana (3 VOLS.) 23ª Ed. Elsevier - Netter FH. (2015). Atlas de Anatomía Humana. 6ª ed. Elsevier - Drake RL, Mitchell AWM, Vogl W (2013). GRAY: Anatomia basica (1ª ed). Elsevier - Martini, Frederic H (2018). Anatomía Humana, 9/e. Pearson - Gilroy, Voll, Wesker (2015). Prometheus. Anatomía. Manual para el estudiante. Panamericana
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bioloxía/661G01002
 Coidados Básicos en Enfermaría/661G01006
 Fisioloxía/661G01105

Materias que continúan o temario

Enfermaría clínica III/661G01017
 Enfermaría materno-infantil/661G01018
 Enfermaría Clínica I/661G01034
 Enfermaría Clínica II/661G01035

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- NO CASO DE QUE A ENTREGA dos traballos, fose en papel:
 - Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara-
 - Empregarase preferentemente papel reciclado-
 - Evitarase a impresión de borradores.
 - Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.
 - Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
 - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías